



MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM DE CARBALLO EN SOLO URBANO

SITUACION:

CONCELLO DE CARBALLO (A CORUÑA)

PETICIONARIO:

CONCELLO DE CARBALLO

novembro2018

fc | a
arquitecturaurbanismo

álvaro fernández carballeda
beatriz aneiros filgueira
arquitectos

ÍNDICE DO DOCUMENTO

MEMORIA INFORMATIVA E XUSTIFICATIVA

1. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES	1
1.1. MARCO LEGAL	3
1.1.1. Lei do Solo de Galicia.....	3
1.1.2. Regulamento da Lei do Solo de Galicia.....	3
1.2. CONVENIENCIA E XUSTIFICACIÓN.....	4
1.3. TRAMITACIÓN PREVIA	4
1.3.1. Trámite de consultas no procedemento de EAE simplificada.....	4
2. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE FINS E OBXECTIVOS	8
2.1. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DA MODIFICACIÓN	8
2.1.1. Situación xeográfica	8
2.1.2. Situación sobre o planeamento xeral municipal.....	9
2.1.3. Edificacións existentes	11
2.1.4. Estrutura parcelaria	14
2.2. INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS EXISTENTES	16
2.3. AFECCIONES EXISTENTES	17
2.4. ANÁLISE DE RISCOS	17
2.5. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL. PROBLEMÁTICA EXISTENTE.....	18
3. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE FINS E OBXECTIVOS	22
3.1. ALCANCE DA MODIFICACIÓN PUNTUAL	22
3.1.1. Obxectivo.....	22
3.1.2. Función do planeamento proposto respecto da situación de partida.....	22
3.2. DESCRIPCIÓN DA ORDENACIÓN PROPOSTA	22
3.2.1. Criterios da ordenación proposta.....	22
3.2.2. Ordenación proposta	22
3.3. JUSTIFICACIÓN DEL CUMPLIMIENTO DEL ARTÍCULO 66 DE LA LSG	25
3.3.1. Capacidade residencial do PXOM.....	26
3.3.2. Sistema xeral de equipamentos.....	26
3.4. ANÁLISE DA COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA.....	27
4. NORMATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN	28
5. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO	29
5.1. OBXECTO	29
5.2. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN.....	29

5.3. ESTUDO ECONÓMICO.....	30
5.3.1. Criterios de valoración. Módulos unitarios de custo da Modificación.....	30
5.3.2. Custo económico previsto	30
5.3.3. Análise da capacidade financeira do Concello	32
5.3.4. Balance económico do desenvolvemento do PXOM, e medidas de financiamento	32
5.4. CONCLUSIÓNS.....	32
6. MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA	33
7. DOCUMENTACIÓN A INCORPORAR / MODIFICAR NO PXOM	34
8. RESUMO EXECUTIVO	35
8.1. OBXECTIVO	35
8.2. ÁMBITOS NOS QUE A NOVA ORDENACIÓN ALTERA A VIXENTE	35
8.3. ÁMBITOS EN LOS QUE SE SUSPENDE EL OTORGAMIENTO DE LICENCIAS	36

ANEXOS

ANEXO 1. ESCRITO PRESENTADO POLA PROPIEDAD NO CONCELLO AO RESPECTO DA ZONA 1
OBXECTO DE MODIFICACIÓN

ANEXO 2. ESCRITO PRESENTADO POLA PROPIEDAD NO CONCELLO AO RESPECTO DA ZONA 3
OBXECTO DE MODIFICACIÓN

ANEXO 3. DOCUMENTACIÓN A MODIFICAR/SUBSTITUIR NO PXOM DE CARBALLO

ANEXO 4. RESOLUCIÓN DO 2 DE XUÑO DE 2018, POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL
ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 1 DO PXOM DE CARBALLO

PLANOS

INFORMACIÓN

In-01. SITUACIÓN

In-02. FOTO AEREA

In-03. PARCELARIO CATASTRAL

In-04. INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS EXISTENTES

In-05. AFECCIÓNS

In-06. PXOM VIXENTE. CLASIFICACIÓN DO SOLO

In-07: PXOM VIGENTE. ORDENACIÓN DO SOLO

ORDENACIÓN

Or-01. ORDENACIÓN PROPOSTA

MEMORIA INFORMATIVA E XUSTIFICATIVA

1. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES

O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Carballo (PXOM), foi aprobado definitivamente o 4 de febreiro de 2016. Devandito documento incorpora a ordenación de cinco zonas concretas do casco urbano da cidade de Carballo, nas cales se desexa modificar as súas condicións.



Fonte: PXOM de Carballo

ZONA 1: CUARTEL DA GARDA CIVIL

O PXOM incluíu por erro dentro deste sistema xeral de equipamento “servizos varios”, unha parcela privada allea á dotación pública.

A presente Modificación persegue emendar este erro, excluindo do sistema xeral de servizos varios a citada parcela privada.

ZONA 2: ALIÑACIÓN RÚA VÁZQUEZ DE PARGA

A rúa Vázquez de Parga constitúe uns dos principais viais do casco urbano de Carballo; trátase da prolongación da avenida de Bértoa, coincidente coa estrada AC-552, e ten un tráfico intenso.

A Modificación propón a ampliación da súa sección nun tramo concreto, no que existe un estreitamento, ata acadar os 12 m que ten nos tramos lindantes.

ZONA 3: SUBESTACIÓN ELÉCTRICA

O PXOM incluíu por erro unha parcela ocupada por unha subestación de titularidade privada (a favor de Fenosa), como servizos urbanos público existente dentro da categoría “estaciones de transformación e subministración eléctrico”.

A presente Modificación persegue emendar este erro, cambiando a titularidade da citada parcela a privada.

ZONA 4: ALIÑACIÓN RÚA COSTA RICA

O PXOM establece unha “liña de fachada interior” nunha mazá con fronte á rúa Costa Rica, retranqueada respecto da aliñación nun vial executado, a fin de deixar de uso público a totalidade da beirarrúa existente.

En realidade esta superficie deséxase que sexa de titularidade pública, polo que a Modificación prevé ampliar a sección deste vial, trasladando a aliñación ata onde se sitúa a “liña de fachada interior”, desaparecendo esta última.

ZONA 5: ALIÑACIÓNS AVENIDA DE BÉRTOA

O PXOM incorpora entre a súas determinacións a previsión do SX-VI/AU09, actuación pública que consiste na expropiación de dous mazás do casco urbano, ao obxecto de mellorar o sistema viario nesta zona. Esta actuación a xestiona e costea o Concello.

No obstante, na actualidade considérase innecesario proceder coa citada actuación tal e como está concibida, xa que existe un acordo coa propiedade destas parcelas que posibilita a necesaria ampliación da sección deste tramo da avenida de Bértoa, mantendo a posibilidade de edificación das referidas parcelas.

1.1. MARCO LEGAL

1.1.1. Lei do Solo de Galicia

A principal normativa a considerar na redacción dunha modificación de plan xeral é a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), e máis concretamente o seu artigo 83.

Artigo 83. Modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico

- 1. Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas.*
- 2. A alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión deles ou mediante a modificación dalgún dos seus elementos.*
- 3. Enténdese por revisión do planeamento xeral a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo, motivada pola elección dun modelo territorial distinto, pola aparición de circunstancias sobrevidas, de carácter demográfico ou económico, que incidan substancialmente sobre a ordenación ou polo esgotamento da súa capacidade.*
- 4. Nos demais supostos, a alteración das determinacións do plan considerarase como modificación deste, aínda cando a dita alteración implique cambios na clasificación, na cualificación do solo ou na delimitación do ámbito dos polígonos.*
- 5. A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.*
- 6. No caso das modificacións do planeamento xeral que teñan por obxecto a delimitación do solo de núcleo rural de acordo co establecido no artigo 23, tramitaranse seguindo o procedemento establecido no artigo 78 desta lei.*

Co anterior e tendo en conta o obxectivo que se persegue, xustifícase a non necesidade de redactar unha Revisión do plan.

O obxectivo do presente documento é mellorar a funcionalidade e corrixir erros detectados nestes primeiros anos de vixencia do PXOM; polo que se trata de razóns de interese público derivadas de necesidades reais. A Modificación non implica a reclasificación de solo.

1.1.2. Regulamento da Lei do Solo de Galicia

Respecto dos obxectivos do presente documento, o RLSG establece o seguinte.

Artigo 200. Modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico

- 1. Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas (artigo 83.1 da LSG).*
- 2. A alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión deles ou mediante a modificación dalgún dos seus elementos (artigo 83.2 da LSG).*
- 3. Enténdese por revisión do planeamento xeral a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo, motivada pola elección dun modelo territorial distinto, pola aparición de circunstancias sobrevidas, de carácter demográfico ou económico, que incidan substancialmente sobre a ordenación ou polo esgotamento da súa capacidade (artigo 83.3 da LSG).*
- 4. Nos demais supostos, a alteración das determinacións do plan considerarase como modificación deste, aínda cando a dita alteración implique cambios na clasificación, na cualificación do solo ou na delimitación do ámbito dos polígonos (artigo 83.4 da LSG).*
- 5. A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación (artigo 83.5 da LSG).*

6. No caso das modificacións do planeamento xeral que teñan por obxecto a delimitación do solo de núcleo rural de acordo co establecido no artigo 23 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e artigo 34 deste regulamento, tramitaranse seguindo o procedemento establecido no artigo 78 da dita lei e 191 deste regulamento (artigo 83.6 da LSG).

O mesmo procedemento será de aplicación para o suposto de modificacións das delimitacións de núcleos rurais, así como as que afecten as súas ordenanzas reguladoras.

Neste caso, dado que tanto a LSG como o RLSG establecen que “a revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación”, resultará de aplicación o estipulado para a redacción do plan xeral.

1.2. CONVENIENCIA E XUSTIFICACIÓN

Tal e como se recolle no apartado anterior, o artigo 83 da LSG esixe que as modificacións de planeamento urbanístico fundaméntense en razóns de interese público debidamente xustificadas, as cales se detallan no presente apartado.

Os obxectivos da presente Modificación son mellorar a funcionalidade da ordenación prevista e mellora a mobilidade en dous zonas concretas do sistema viario do casco urbano (zonas 2 e 5), e corrixir tres erros detectados nestes anos de vixencia do PXOM (zonas 1, 3 e 4); polo que se trata de razóns de interese colectivo derivadas dunhas necesidades reais da poboación residente.

En resumo, as anteriores razóns para realizar a presente modificación son de interese público, xa que melloran a funcionalidade e corrixen erros detectados nestes anos de vixencia do PXOM, e co seu desenvolvemento o planeamento urbanístico dará resposta ás necesidades actuais da poboación.

1.3. TRAMITACIÓN PREVIA

Previamente á redacción do presente documento de Modificación, tramitouse ante a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, a correspondente Solicitud de Inicio (co Borrador do plan e o seu Documento Ambiental Estratégico), co obxectivo de que esta Administración decidise sobre a necesidade de someter a Modificación ao procedemento ordinario de Avaliación Ambiental Estratégica establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.

Consecuencia do trámite anterior emitíuse a “Resolución do 20 de xuño de 2018 pola que se formula o Informe Ambiental Estratégico da Modificación Puntual número 1 do PXOM de Carballo” (ver anexo 4), na que se resolveu non someter ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica a Modificación.

1.3.1. Trámite de consultas no procedemento de EAE simplificada

Como consecuencia do trámite anteriormente exposto, o órgano ambiental solicitou informe de diversas administracións e organismo implicados, recibíndose contestación dos seguintes.

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Instituto de Estudos do Territorio
- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Axencia Galega de Infraestruturas

- Consellería de Medio Rural. Servizo de Montes
- Consellería do Mar. Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

A continuación inclúese a análise dos informes recibidos, así como o grao de incorporación das súas determinacións no documento.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

O informe inclúe as seguintes determinacións.

III. INFORME

1. Razóns de interese público da modificación.
Xustifícase o interese público para os efectos da formulación da modificación (artigo 83.1 da LSG) na mellora da funcionalidade do sistema viario e na corrección de erros detectados despois da entrada en vigor do PXOM.
2. Estratexia de actuación e estudo económico.
A modificación debe conter os cambios necesarios na estratexia de actuación e estudo económico do PXOM, consecuencia das alteracións na actuación SX-VI/AU-9.
3. Convenio urbanístico.
Para o cambio na actuación SX-VI/AU-9 cómpre a tramitación do correspondente convenio urbanístico (art. 165 e seguintes da LSG).
4. Para a tramitación da modificación (art. 83.5 LSG) seguirase o procedemento sinalado no artigo 60 LSG.

Respecto á necesidade de incluír os cambios na estratexia de actuación e o estudo económico do PXOM, como consecuencia da alteración na actuación SX-VI/AU-9 (que pasa a denominarse SX-VI/AU-9* a fin de non confundila coa vixente); ao verse reducida a súa superficie diminúese o custo da súa execución, mellorando a sustentabilidade do PXOM.

No caso da conveniencia de redactar un convenio urbanístico para o cambio na actuación SX-VI/AU-9, durante o período de información pública do documento aprobado inicialmente está previsto dar audiencia expresa aos propietarios catastrais dos terreos afectados, para que presten a súa conformidade coa solución adoptada e garantir a súa conformidade coa mesma.

INSTITUTO DE ESTUDIOS DO TERRITORIO

O informe inclúe as seguintes determinacións.

4. Conclusión:

Polo que atinxe ás competencias deste departamento en materia de paisaxe, considérase que a modificación puntual nº1 do plan xeral de ordenación municipal non provocará un impacto paisaxístico significativo.

Cómpre lembrar que de acordo co artigo 7.2 da Lei 7/2008 (modificado pola Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), e tendo en conta o disposto no artigo 83.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a modificación, tras a súa aprobación inicial, deberá someterse a informe do Instituto de Estudos do Territorio.

De acordo co establecido no informe, así como na lexislación sectorial de aplicación, o documento aprobado inicialmente deberá someterse a informe do Instituto de Estudos do Territorio.

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

O informe inclúe as seguintes determinacións.

INFORME

A modificación puntual nº1 do Plan xeral de ordenación municipal de Carballo refírese á ordenación de 5 zonas concretas do casco urbano, ás cales pretende modificarlle as condicións.

As denominadas como zonas 1, 3 e 4 non afectan ás estradas de titularidade autonómica; no ámbito da zona 2 atópase un tramo da estrada AC-552 transferido ó Concello de Carballo. Finalmente, a zona 5 afecta directamente a un tramo da antedita estrada pertencente á Rede Autonómica de Estradas de Galicia, concretamente entre os P.Q. 30+050 e 30+170.

Neste tramo a modificación puntual propón eliminar unha actuación de expropiación prevista no PXOM para a ampliación do viario.

Anéxanse a este informe os criterios de ordenación e as distancias mínimas que, con carácter xeral, esta Axencia considera precisos para o mantemento da seguridade viaria e a axeitada protección do dominio público viario.

Na documentación presentada non se recollen as afeccións acústicas para as vías de titularidade autonómica. A día de hoxe non hai servidumes acústicas declaradas na Rede Autonómica de Estradas de Galicia (segundo o artigo 6 do Decreto 106/2015 deberán estar declaradas antes do 31 de decembro de 2020). A estrada AC-552, dada a súa IMD, foi incluída na elaboración dos Mapas Estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios da segunda fase (2012) en aplicación da directiva comunitaria 2002/49/CEE. A citada documentación está dispoñible para a súa descarga na páxina do MAGRAMA no seguinte link <http://sicaweb.cedex.es/>

Finalmente, a Modificación Puntual do Plan adaptárase á normativa sectorial indicada no apartado fundamentos xurídicos deste informe, en particular **no tocante a accesos** ás estradas de titularidade autonómica.

Respecto á actuación SX-VI/AU-9, reconfigúrase a mesma (que pasa a denominarse SX-VI/AU-9*) posibilitando a necesaria ampliación da sección deste tramo da avenida de Bértoa, mantendo a posibilidade de edificación das referidas parcelas e respectando as distancias mínimas de seguridade establecidas na lexislación sectorial de aplicación.

No caso das afeccións acústicas, a Normativa do PXOM xa inclúe (no seu artigo 199) as limitacións ao uso derivadas do ruído

Respecto dos Mapas estratéxicos de ruído, segundo a documentación consultada no CEDEX, o tramo da estrada AC-552 non foi incluída nos estudos realizados ata o día de hoxe.

Así mesmo, no caso dos accesos establecer que o PXOM en vigor está adaptado á actual Lei de estradas de Galicia.

Por último, de acordo co establecido na lexislación sectorial de aplicación, o documento aprobado inicialmente deberá someterse a informe da Axencia Galega de Infraestruturas.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL. SERVIZO DE MONTES

O informe conclúe do modo seguinte.

Logo de revisar a documentación achegada polo solicitante, comprobouse que, segundo os datos do Servizo de Montes de A Coruña, as normas obxecto da modificación proxectada non afectan ao ámbito forestal.

Polas razóns expostas, este servizo non ten nada que obxectar á realización do proxecto de referencia.

CONSELLERÍA DO MAR. DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Esta Administración comprobou que a actuación non afecta a ningunha actividade de acuicultura da súa competencia.

Informámoslle que as actuacións comprendidas no dito plan non é previsible que teñan impacto nas actividades de acuicultura mariña ou continental competencia desta dirección xeral, establecidas no *Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar* (DOG nº 221 do 19/11/2015).

2. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE FINS E OBXECTIVOS

2.1. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DA MODIFICACIÓN

2.1.1. Situación xeográfica

O ámbito da Modificación sitúase na provincia de Coruña, no Concello de Carballo, capital da comarca de Bergantiños.



Fonte: Google Earth.

Máis concretamente, as cinco zonas que conforman o ámbito da presente Modificación, sitúanse no centro urbano da vila de Carballo.




2.1.2. Situación sobre o planeamento xeral municipal

O ámbito da Modificación está formado por cinco zonas nas que se prevén cambios concretos da ordenación.

ZONA 1: CUARTEL DE LA GARDA CIVIL


O PXOM incluíu por erro dentro deste sistema xeral de equipamento “servizos varios”, unha parcela privada allea á dotación pública. A presente Modificación persegue emendar este erro, excluindo do sistema xeral a citada parcela privada.



Fonte: PXOM de Carballo.

ZONA 2: ALIÑACIÓN RÚA VÁZQUEZ DE PARGA


A rúa Vázquez de Parga constitúe uns dos principais viais do casco urbano de Carballo; trátase da prolongación da avenida de Bértoa, coincidente coa estrada AC-552, e ten un tráfico intenso. Nesta zona atópanse tres edificacións que sobresaen da aliñación da rúa no tramo precedente. A Modificación propón a ampliación da súa sección neste tramo concreto, co obxectivo de eliminar o estreitamento.



Fonte: PXOM de Carballo.

ZONA 3: SUBESTACIÓN DE FENOSA

O PXOM incluíu por erro unha parcela ocupada por unha subestación de titularidade privada (a favor de Fenosa), como servizos urbanos público existente dentro da categoría “estaciones de transformación e subministración eléctrico”.




Fonte: PXOM de Carballo.

A presente Modificación persegue emendar este erro, cambiando a titularidade da citada parcela a privada.

ZONA 4: ALIÑACIÓN RÚA COSTA RICA

O PXOM establece unha “liña de fachada interior” nunha mazá con fronte á rúa Costa Rica, retranqueada respecto da aliñación nun vial executado, a fin de deixar de uso público a totalidade da beirarrúa existente. Pero en realidade esta superficie deséxase que sexa de titularidade pública.




Fonte: PXOM de Carballo.

A Modificación prevé ampliar a sección deste vial, trasladando a aliñación ata onde se sitúa a “liña de fachada interior”, desaparecendo esta última.

ZONA 5: ALIÑACIÓNS AVENIDA DE BÉRTOA

O PXOM incorpora entre a súas determinacións a previsión do SX-VI/AU09, actuación pública que consiste na expropiación dunha mazá do casco urbano, ao obxecto de ampliar o sistema viario nesta zona. Esta actuación a xestiona e costea o Concello. Na actualidade resulta innecesario proceder coa citada actuación tal e como foi concibida, xa que existe acordo coa propiedade destas parcelas, que posibilita a ampliación da sección deste tramo da avenida de Bértoa, mantendo a posibilidade de edificación de boa parte das referidas parcelas.



Fonte: PXOM de Carballo.

A Modificación prevé a consolidación da aliñación da avda. de Bértoa en 24 m, e a diminución das aliñacións nos viais traseiros da mazá, mantendo a mellora das condicións de circulación da estrada, sen menoscabar en exceso os dereitos edificatorios dos propietarios afectados.

2.1.3. Edificacións existentes

ZONA 1: CUARTEL DA GARDA CIVIL

Nesta zona as únicas edificacións existentes son as pertencentes ao cuartel da Garda Civil, xa que a parcela anexa que por erro incluíuse no equipamento, está sen edificar.



ZONA 2: ALIÑACIÓN RÚA VÁZQUEZ DE PARGA

Nesta zona atópanse, no marxe oeste, tres edificacións de uso residencial de baixo e unha planta en altura (só unha delas está en uso); e no marxe leste as edificacións dispónse dunha maneira irregular.



MARXE OESTE



MARXE LESTE

ZONA 3: SUBESTACIÓN DE FENOSA

Nesta zona as únicas edificacións existentes son as pertencentes ás instalacións da compañía subministradora do servizo de enerxía eléctrica.



Trátase dunha subestación con varias instalacións anexas, na que conflúen varias liñas de tendido eléctrico.

ZONA 4: ALIÑACIÓN RÚA COSTA RICA

Nesta zona non hai ningunha edificación; trátase unicamente dunha parte xa urbanizada da beirarrúa norte da rúa Costa Rica.



ZONA 5: ALIÑACIÓNS AVENIDA DE BÉRTOA

Nesta zona atópanse catro edificacións de uso residencial, con unha altura máxima de baixo e unha planta en altura.




2.1.4. Estructura parcelaria

Recóllese neste apartado a descrición da estrutura catastral das parcelas incluídas nas cinco zonas que conforman o ámbito da Modificación Puntual.


ZONA 1: CUARTEL DA GARDA CIVIL

Nesta zona o ámbito está formado por dúas parcelas catastrais completas, correspondentes co cuartel da Garda Civil e co solar privado vacante.




ZONA 2: ALIÑACIÓN RÚA VÁZQUEZ DE PARGA

Nesta zona o ámbito está formado por trece parcelas catastrais, correspondentes coas parcelas onde a aliñación vese modificada.



ZONA 5: ALIÑACIÓN AVENIDA DE BÉRTOA

Nesta zona o ámbito está formado por oito parcelas catastrais completas, correspondentes coas parcelas onde a aliñación dos viais vense modificadas, así como as que se exclúen da actuación de expropiación SX-VI/AU09 prevista no PXOM en vigor.



2.2. INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS EXISTENTES

As cinco zonas que conforman o ámbito da Modificación Puntual, ao estar situadas no solo urbano consolidado pertencente ao casco urbano de Carballo, contan con todas as redes de servizos urbanísticos e instalacións necesarios.

Nos planos de información da o presente documento, detállanse as redes de servizos e instalacións existentes no ámbito.

2.3. AFECCIONES EXISTENTES

A única zona que conta con algún tipo de afección é a Zona 3 (subestación propiedade de Fenosa), xa que en ela converxen varias liñas eléctricas, entre elas unha de alta tensión.



A Modificación prevista unicamente consiste no cambio de titularidade desta dotación, de pública a privada, polo que se manteñen todas as determinacións do PXOM respecto das afeccións, así como a normativa de aplicación neste tipo de instalacións.

2.4. ANÁLISE DE RISCOS

Neste apartado inclúese a análise de riscos no ámbito, en cumprimento do establecido no Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, e das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DEL TERRITORIO DE GALICIA

3.1.14. Os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico deberán conter unha análise dos riscos naturais e antrópicos aos que se expón o territorio do seu ámbito de influencia, e deberán estes terreos expostos quedar excluídos do proceso urbanizador e, en todo caso, dos usos polos que poidan verse afectados persoas e bens materiais ou que deixen de ser funcionais no caso de materialización do risco.


Unha vez analizado o ámbito da Modificación pódese concluír que non se ten constancia da existencia de ningún risco natural ou antrópico.

2.5. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL. PROBLEMÁTICA EXISTENTE

Inclúese neste apartado a descrición do estado actual do ámbito obxecto de modificación. Tal e como se recolle nos apartados precedentes, o ámbito da modificación localízase integramente no solo urbano de Carballo.

ZONA 1: CUARTEL DA GARDA CIVIL

O PXOM incluíu por erro dentro deste sistema xeral de equipamento “servizos varios”, unha parcela privada allea á dotación pública. Este erro impide á propiedade da parcela privada exercer dereitos edificatorios, e ademais obriga á administración á adquisición dunha parcela totalmente innecesaria.



O erro respecto á consideración como público desta parcela deriva dos seus antecedentes urbanísticos: con anterioridade era propiedade municipal de tipo patrimonial, e utilizábase para a garda temporal de vehículos retirados da vía pública. Esta parcela foi obxecto de permuta no ano 2007 por outra parcela sita na Praza de Vigo, sobre a cal se fixo a ampliación dunha residencia pública de la terceira idade. No planeamento en vigor no momento da permuta (PXOM do 2003) esta parcela estaba calificada como solo urbano de uso residencial en altura, ao igual que no planeamento xeral anterior (Normas Subsidiarias Municipais de 1980). Actualmente a parcela obxecto de modificación non presenta uso, e mantén a súa titularidade privada.

O PXOM incluíu por erro esta parcela dentro do sistema xeral existente vinculado ao cartel da Garda Civil, a pesar de que é de titularidade privada e non establece ningunha determinación respecto a súa adquisición. Así mesmo citar que a superficie que aparece no PXOM respecto a esta dotación, 2.412 m², é similar á superficie da parcela que ocupa o Cartel segundo o Catastro (2.382 m²), sen considerar a superficie da parcela privada (163 m²).


Como Anexo 1 ao presente documento se inclúe o escrito presentado pola propiedade da parcela no Concello o 20 de maio de 2016, no que solíciase a corrección do erro do PXOM que o presente documento pretende subsanar.

A presente Modificación persegue emendar este erro, excluindo do sistema xeral público asociado ao cartel da Garda Civil a citada parcela privada.

ZONA 2: ALIÑACIÓN RÚA VÁZQUEZ DE PARGA

A rúa Vázquez de Parga constitúe uns dos principais viais do casco urbano de Carballo; trátase da prolongación da avenida de Bértoa, coincidente coa estrada AC-552, e ten un tráfico intenso. Nesta zona atópanse edificacións que sobresaen da aliñación da rúa no tramo precedente.

A Modificación persegue a eliminación do actual estreitamento, definindo as novas aliñacións a unha distancia de 12 m, é dicir, un vial cunha sección igual que o tramo precedente.



Fonte: PXOM de Carballo.

ZONA 3: SUBESTACIÓN DE FENOSA

O Plan Xeral incluíu por erro unha parcela ocupada por unha subestación eléctrica de titularidade privada (a favor de Fenosa), como servizo urbano público existente dentro da categoría “estacións de transformación e subministro eléctrico”. Este erro produce inseguridade nas condicións urbanísticas da parcela, e a propietaria da mesma a instado ao Concello a emendar a situación; no anexo 2 ao presente documento inclúese escrito do 9 de xuño do 2017 presentado no Concello pola propiedade, solicitando a subsanación do erro.


A presente Modificación emenda este erro, mediante o recoñecendo a titularidade privada da citada parcela.



Fonte: PXOM de Carballo.

ZONA 4: ALIÑACIÓN RÚA COSTA RICA


O PXOM establece unha “liña de fachada interior” nunha mazá con fronte á rúa Costa Rica, retranqueada respecto da aliñación nun vial executado, a fin de deixar de uso público a totalidade da beirarrúa existente.



Pero en realidade esta superficie deséxase que sexa de titularidade pública, polo que a Modificación prevé ampliar a sección deste vial, trasladando a aliñación ata onde se sitúa a “liña de fachada interior”, desaparecendo esta última.

ZONA 5: ALIÑACIÓNS AVENIDA DE BÉRTOA

O PXOM incorpora entre a súas determinacións a previsión do SX-VI/AU09, actuación pública que consiste na expropiación de dous mazás do casco urbano, ao obxecto de mellorar o sistema viario nesta zona. Esta actuación a xestiona e costea o Concello, e afecta a unha superficie de 537 m² de solo urbano consolidado de uso residencial.



Na actualidade, tras unha análise máis en detalle desta zona conclúíuse a innecesariedade de acometer unha actuación tan custosa para o Concello, cuxa finalidade última é aumentar a sección da avenida de Bértoa ata os 24 m, igualándoa con los tramos anterior y posterior. Para elo, acordouse coa propiedade destas parcelas redefinir esta actuación, co criterio de fixar a alifación do vial nos referidos 24 m, e unicamente expropiar aquelas parcelas que quedaran inedificables a causa da súa superficie. Así, se posibilita a necesaria ampliación da sección deste tramo da avenida de Bértoa, mantendo a posibilidade de edificación das referidas parcelas.

A Modificación deberá manter boas condicións de circulación na estrada, sen menoscabar os dereitos edificatorios dos propietarios afectados.

3. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE FINS E OBXECTIVOS

3.1. ALCANCE DA MODIFICACIÓN PUNTUAL

3.1.1. Obxectivo

A presente Modificación persegue emendar dous erros detectados no PXOM en vigor:

- Zona 1: excluír unha parcela privada do sistema xeral de equipamentos asociado ao cuartel da Garda Civil.
- Zona 3: recoñecer a titularidade privada dunha parcela de servizos urbanos, onde localízanse importantes instalacións dunha distribuidora de enerxía eléctrica.

A Modificación tamén pretende mellorar a ordenación prevista en outras tres zonas:

- Zona 2: ampliación da sección neste tramo concreto, co obxectivo de eliminar o estreitamento
- Zona 4: ampliar a sección da rúa Vázquez Parga, eliminando un estreitamento.
- Zona 5: eliminar una actuación de expropiación prevista para a ampliación dun vial, mantendo boas condicións de circulación na estrada, e sen menoscabar os dereitos edificatorios dos propietarios afectados.

3.1.2. Función do planeamento proposto respecto da situación de partida

A función do plan é corrixir tres erros detectados nestes primeiros anos de vixencia do Plan Xeral do Concello, que afectan a determinacións concretas da ordenación en cinco zonas do casco urbano de Carballo.

3.2. DESCRIPCIÓN DA ORDENACIÓN PROPOSTA

3.2.1. Criterios da ordenación proposta

No deseño da ordenación proposta consideráronse os seguintes criterios xerais:


- Zonas 1 e 3: Axustar a titularidade de dúas parcelas á súa realidade xurídica; concretamente as parcelas catastrais 5551222NH2855S (lindante co cuartel da Garda Civil), e 001102200 NH28D (onde se sitúan instalacións da compañía Fenosa).
- Zonas 2, 4 e 5: Axustar aliñacións previstas no PXOM, eliminando erros, diminuindo o custo económico de desenvolvemento e resolvendo problemas na mobilidade.

3.2.2. Ordenación proposta

A continuación inclúese a descrición da ordenación proposta nas cinco zonas que conforman o ámbito da Modificación.

ZONA 1: CUARTEL DA GARDA CIVIL

A nova delimitación proposta para o sistema xeral exclúe a parcela privada, que se ordena coas mesmas condicións que as parcelas residenciais desta mazá.




Coa nova ordenación proposta o sistema xeral de equipamentos redúcese en 30 m²; e auméntase lixeiramente a capacidade residencial do PXOM, xa que se xera unha nova parcela de uso residencial, de 177 m² de superficie. Dado que esta parcela está baixo ordenanza 2, cunha altura de B+4, auméntase a edificabilidade residencial en 885 m²e.

A este respecto establecer que existen un erro na superficie do SG-EQ que figura no PXOM en vigor, xa que en realidade ten máis superficie (2.559 m²).

ZONA 2: ALIÑACIÓN RÚA VÁZQUEZ DE PARGA


A nova aliñación prevista neste tramo da vía coincide coa fixada no PXOM no tramo precedente, eliminando o actual estreitamento.



Coa nova ordenación proposta o sistema local viario aumenta en 122 m²; e diminúese lixeiramente a capacidade residencial do PXOM, xa que diminúense as superficies das parcelas de uso residencial lindantes na mesma superficie. Dado que estas parcelas están baixo ordenanza 2, cunha altura de B+4, diminúese a edificabilidade residencial en 610 m².

ZONA 3: SUBESTACIÓN DE FENOSA


A nova ordenación proposta unicamente leva consigo o cambio de titularidade da parcela, ao deixar de considerala pública, recoñecendo así a súa actual propiedade privada.



O resto de condicións de ordenación non se ven modificadas.

ZONA 4: ALIÑACIÓN RÚA COSTA RICA

A nova delimitación proposta para o sistema viario inclúe a parte de vial xa executado.



Esta modificación non leva consigo a modificación da capacidade residencial do PXOM, dado que a volumetría da edificación permitida é a mesma.

3.3.1. Capacidade residencial do PXOM

A Modificación prevé o axuste das aliñacións establecidas en tres viarios de solo urbano. A continuación inclúese unha táboa resumen coa superficie de parcela neta que se ve modificada.

ZONAS	RÚAS	AUMENTO/DISMINUCIÓN DA EDIFICABILIDADE	ORDENANZA
1	CUARTEL GARDA CIVIL	+885 m ²	2
2	VAZQUEZ PARGA	-610 m ²	2
5	AVDA. BÉRTOA	+684 m ²	2

Co anterior, auméntase a edificabilidade prevista no PXOM en 959 m². Esta modificación leva consigo un incremento da capacidade residencial do PXOM, polo que a continuación inclúese a xustificación do cumprimento da reserva de sistemas xerais, para esta nova edificabilidade prevista.

3.3.2. Sistema xeral de equipamentos

A Modificación que se propón altera a superficie dos sistemas xerais de equipamentos previstos, xa que recoñece a propiedade privada dunha parte do actual cuartel da Garda Civil. A este respecto, o PXOM de Carballo recolle o seguinte (páxinas 149 e 150 da Memoria Xustificativa):

C) Cuantificación e cumprimento do art. 47.1. da LOUG:

Os sistemas xerais previstos computables para o cálculo de estándares do PXOM son os seguintes:

TIPO SOLO	S.X.EL. PREVISTOS NO PXOM	S.X.EQ. PREVISTOS NO PXOM	APROVEITAMENTO NO LUCRATIVO RESIDENCIAL
SU-C			2.780.895,97 m ²
SU-NC	10.618,00 m ²		252.681,63 m ²
SUR-D	100.809,00 m ²	4.448,00 m ²	229.882,55 m ²
NRT/NRC			1.576.788,53 m ²
AI			26.667,90 m ²
SREP	375.715,85 m ²	4.245,00 m ²	0,00 m ²
SUBTOTAL 1	487.142,85 m²	8.693,00 m²	4.866.916,57 m²

Estas previsións sumadas aos sistemas xerais existentes previamente nos reflicten os sistemas xerais totais contidos no PXOM:

Tipo de Sistema	S.X. EL. Computables previstos no PXOM	S.X. EQ. previstos no PXOM
SX propostos	487.142,85 m²	8.693,00 m²
S.X. Existentes	259.502,12 m²	433.373,95 m²
total	746.644,97 m²	442.066,95 m²

Se lles aplicamos as reservas de solo necesarias para a implantación dos sistemas xerais, en relación a capacidade residencial do PXOM, obtemos o seguinte:

DOTACIÓNS	ESPECIFICACIÓNS	LOUG	PXOM
ESPAZOS LIBRES	16 M2 DE SOLO X 100 M2 EDIFICABLES DE USO RESIDENCIAL	730.037,49 m ²	746.644,97 m ²
EQUIPAMENTOS	9M2 DE SOLO X 100 M2 EDIFICABLES DE USO RESIDENCIAL	243.345,83 m ²	442.066,95 m ²

Amósase que o PXOM cumpre sobradamente a reservas para dotacións de carácter xeral, sendo excedentarios en 16.607,48 m² en espazos libres e 198.721,12 m² en equipamentos.

O PXOM de Carballo excede en 198.721,12 m² de superficie de equipamentos de sistema xeral o mínimo legal establecido. Tendo en conta que a Modificación unicamente reduce en 177 m² a superficie destas dotacións, e que prevé un aumento da edificabilidade residencial de 959 m², o PXOM mantén o seu importante exceso no sistema xeral de equipamentos previsto.

3.4. ANÁLISE DA COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA

Para favorecer unha adecuada coordinación territorial e garantir a coherencia da planificación prevista cos obxectivos e determinacións das DOT, o seu artigo 10.1.18 establece a realización dunha análise a través da metodoloxía de análise de compatibilidade estratéxica.

10.1.18. Co fin de acadar unha adecuada coordinación territorial, os instrumentos de ordenación territorial, e de urbanismo en ausencia destes, axustaranse ás determinacións das DOT, concretando aquelas que se desenvolvan de xeito particular no seu ámbito de actuación, evitando redundancias e incoherencias.

Asemade, incluírán unha análise de compatibilidade estratéxica (ACE) nos termos en que se recolle no informe de sustentabilidade ambiental destas directrices, para garantir a coherencia da planificación sucesiva e a consideración da prevención e minimización dos posibles efectos que puideren xerar.

Tanto a xustificación da integración das determinacións destas determinacións como a ACE deberán formar parte da documentación de ditos instrumentos.

No caso concreto do presente documento, dada a escasa entidade da modificación que se pretende, xa que a única actuación que realiza é pequenos axustes na delimitación de dotacións previstas no plan xeral, sobre solo urbano consolidado, non se considera necesario incluír esta xustificación.

4. NORMATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN

Para o desenvolvemento das determinacións da presente Modificación, unicamente resulta necesario modificar a ficha da actuación SX-VI/AU09 da Normativa do Plan Xeral. A nova ficha inclúese no Anexo 3 ao presente documento.

5. ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO

Conforme ao establecido no artigo 83 da LSG, as modificacións de plan atéñense ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

De acordo co anterior, no artigo 59 da LSG establécese o contido da estratexia de actuación e estudo económico:

Artigo 59. Estratexia de actuación e estudo económico

1. Os plans xerais de ordenación municipal conterán a estratexia para o desenvolvemento coherente do plan e, en particular, determinarán a execución dos sistemas xerais que deban crearse necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable.

2. O plan xeral de ordenación municipal conterá unha avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, coa indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que cumpra realizar con recursos propios do concello.

En base ao anterior, e dado que a presente Modificación non altera as previsións do PXOM que impliquen a necesidade de executar novas actuacións, non resulta necesario establecer unha estratexia de actuación.

Respecto á nova definición da actuación SX-VI/AU09*, a súa superficie é notablemente inferior da prevista no PXOM en vigor, polo que diminúese o custo de desenvolvemento das actuacións previstas no PXOM.

En base ao anterior, e aínda que a presente Modificación non altera substancialmente a superficie prevista no PXOM para o sistema viario, a continuación se establece a estratexia de actuación e o estudo económico do Plan Xeral. A este respecto establecer que incorpóranse as modificacións derivadas de outros dous documentos en tramitación, a “MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 4 DEL PGOM DE CARBALLO EN EL ÁMBITO DEL SISTEMA GENERAL VIARIO SX-VI2a”, e a “MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DEL PGOM DE CARBALLO EN SOLO DE NÚCLEO RURAL E SOLO RÚSTICO”, a fin de que as determinacións sexan concluíntes e se considere o caso máis desfavorable que, neste caso sería a incorporación das determinacións destes dous documentos de planeamento en tramitación, xa que ambos dous levan consigo un incremento do gasto municipal.

Modifícase a estratexia de actuación do PXOM ao incluírse as novas determinacións da actuación SX-VI/AU9*.

5.1. OBXECTO

Conforme ao establecido no artigo 83 da LSG, as modificacións de plan atéñense ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

De acordo co anterior, no artigo 59 da LSG establécese o contido da estratexia de actuación e estudo económico.

5.2. ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN

Segundo o artigo 143 do Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia, sobre “Estratexia de actuación, estudo económico e memoria de sustentabilidade económica”.

“1. Os plans xerais de ordenación municipal conterán a estratexia para o desenvolvemento coherente do plan, determinando, en particular, a execución dos sistemas xerais que haxan de crearse necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable (artigo 59.1 da LSG).”

Tal e como se establece con anterioridade, dado que a presente Modificación non altera as previsións do PXOM que impliquen a necesidade de executar novas actuacións, non resulta necesario establecer unha estratexia de actuación.

ACTUACIÓNS EN SISTEMAS XERÁIS VIARIO EXTERIORES AOS DESENVOLVEMENTOS (PXOM)

CÓDIGO	XESTOR	OBTENCIÓN SOLO	EXECUCIÓN	SUPERFICIE (m ²)			PRIORIDADE			
				BRUTA (m ²)	NETA (m ²)	DOMINIO PÚBLICO (m ²)	Q1	Q2	Q3	Q4
SX-VIAU09*	Concello	Concello	Concello	149,00	149,00	0,00	Q1			

5.3. ESTUDO ECONÓMICO

Segundo o artigo 143 do Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia, sobre “Estratexia de actuación, estudo económico e memoria de sustentabilidade económica”.

“2. O plan xeral de ordenación municipal conterá unha avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, con indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que haxa que realizar con recursos propios do concello (artigo 59.2 da LSG).

Así mesmo, o plan realizará unha avaliación económica da implantación dos servizos e da execución das obras de urbanización que resulten necesarias para a remodelación de urbanizacións e espazos públicos existentes e para as intervencións illadas que prevexa no solo urbano consolidado e no solo de núcleo rural.”

5.3.1. Criterios de valoración. Módulos unitarios de custo da Modificación

Mantéñense os módulos utilizados no Estudo Económico do PXOM para esta actuación, tanto para a valoración de adquisición de solo como para a execución das obras de urbanización, como para as indemnizacións por bens distintos do solo; unicamente procédese a actualizar o custo considerando a redución da súa delimitación. As indemnizacións inclúense no custo de adquisición do solo.

5.3.2. Custo económico previsto

A estimación do custo de adquisición do solo diminúese respecto a o establecido no PXOM en 351.093 €; a estimación do custo de execución tamén diminúe respecto a o establecido no PXOM en 42.680 €.

ACTUACIÓNS EN SIST. XERÁIS VIARIO EXTERIORES AOS DESENVOLVEMENTOS (CONCELLO)

CÓDIGO	XESTOR	OBTENCIÓN SOLO	EXECUCIÓN	TIPO DE SOLO	SUPERFICIE (m ²)			ESTIMACIÓN COSTE SOLO (€)	ESTIMACIÓN COSTE EXECUCIÓN (€)
					BRUTA (m ²)	NETA (m ²)	DOMINIO PÚBLICO (m ²)		
SX-VIAU09*	Concello	Concello	Concello	SU-C	149,00	149,00	0,00	134.826,96 €	16.390,00 €

En resumo, e seguindo o mesmo procedemento do establecido no PXOM, as actuacións de sistemas xerais a acometer polo Concello quedarían da seguinte forma.

ACTUACIÓNS DE SISTEMA XERAL A ACOMETER POLO CONCELLO

CÓDIGO	XESTOR	TIPO DE SOLO	ESTIMACIÓN COSTE SOLO (€)	ESTIMACIÓN COSTE EXECUCIÓN (€)
SX-EQ4	Concello	SR-PA / SR-PF	16.980,00 €	21.225,00 €
